

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020.

CENTRO: IES AGRA DO ORZÁN

CURSO: 2019/2020

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º ESO	
Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
<p>EFB1.1.1. <u>Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física</u> coa intensidade dos esforzos realizados.</p> <p>EFB1.1.2. <u>Prepara e realiza quecementos e fases finais</u> da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.</p> <p>EFB1.1.3. Respecta os <u>hábitos de aseo persoal</u> en relación á saúde e a actividade física.</p>	<p>CAA. Aprender a aprender. CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>EFB1.5.1. <u>Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade</u> (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.</p>	<p>CCL. Comunicación lingüística CD. Competencia dixital</p>
<p>EFB3.1.1. <u>Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable.</u></p> <p>EFB3.1.2. <u>Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.</u></p> <p>EFB3.1.3. <u>Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.</u></p>	<p>CAA. Aprender a aprender CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p>
<p>EFB3.2.3. Aplica os fundamentos <u>de hixiene postural</u> na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</p>	<p>CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2ªESO	
Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
<p>EFB1.1.1. Recoñece a <u>estrutura dunha sesión</u> de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.</p> <p>EFB1.1.2. <u>Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión</u>, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.</p>	<p>CAA. Aprender a aprender.</p> <p>CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>EFB1.3.3. <u>Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo</u>, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.</p>	<p>CAA. Aprender a aprender.</p> <p>CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>EFB1.5.1. <u>Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados</u> á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.</p>	<p>CCL. Comunicación lingüística</p> <p>CD. Competencia dixital</p>
<p>EFB3.2.1. Participa activamente na <u>mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable</u>, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</p> <p>EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de <u>hixiene postural</u> na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</p> <p>EFB3.2.4. <u>Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable</u>, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.</p>	<p>CAA. Aprender a aprender</p>

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3º ESO	
Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
EFB1.1.2. Prepara e realiza <u>quecementos e fases finais</u> de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual.	CAA. Aprender a aprender. CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
EFB1.3.3. <u>Analiza criticamente as actitudes e os estilos</u> de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	CAA. Aprender a aprender. CSC. Competencia social e cidadá.
EFB1.5.1. Utiliza as <u>tecnoloxías da información</u> e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, eta.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	CCL. Comunicación lingüística CD. Competencia dixital
EFB3.1.2. Asocia os sistemas metabólicos de <u>obtención de enerxía</u> cos tipos de actividade física, a <u>alimentación e a saúde</u> .	CAA. Aprender a aprender CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CSC Competencia social e cidadá CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
EFB3.1.3. Relaciona <u>as adaptacións orgánicas</u> coa actividade física sistemática, así como <u>coa saúde e os riscos</u> e contraindicacións da práctica deportiva.	
EFB3.1.4. <u>Adapta a intensidade do esforzo controlando a FC</u> correspondente ás marxes de mellora de diferentes factores da condición física.	
EFB3.1.5. Aplica de forma autónoma procedementos para <u>auto avaliar os factores da condición física</u> .	
EFB3.1.6. <u>Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables</u> , adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	
EFB3.2.1. Participa activamente <u>na mellora das capacidades físicas básicas</u> desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	
EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de <u>hixiene postural</u> na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	CAA. Aprender a aprender
EFB3.2.4. Analiza a importancia da <u>práctica habitual de actividade física</u> para a mellora da propia condición física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	CAA. Aprender a aprender

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4º ESO	
Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
<p>EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.</p> <p>EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.</p> <p>EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.</p>	CSC competencia social e cidadá
EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.	CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
<p>EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.</p> <p>EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.</p> <p>EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.</p>	CCL. Comunicación lingüística CD. Competencia dixital
<p>EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.</p> <p>EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.</p> <p>EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física</p>	CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
<p>EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.</p> <p>EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.</p> <p>EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.</p>	CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.	CAA. Competencia aprender a aprender. CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º BAC	
Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
EFB1.1.2. Adopta unha actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas.	CSC competencia social e cidadá
EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.	CD. Competencia dixital CCL. Comunicación lingüística
EFB1.4.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión.	CD. Competencia dixital CCL. Comunicación lingüística
EFB2.1.1. Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas.	CEC. Conciencia y expresión culturais
EFB2.1.2. Representa composicións ou montaxes de expresión corporal individuais ou colectivas, axustándose a unha intencionalidade de carácter estética ou expresiva.	CEC. Conciencia y expresión culturais
EFB3.1.1. Integra os coñecementos sobre nutrición e balance enerxético nos programas de actividade física para a mellora da condición física.	CAA. Aprender a aprender. CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
EFB3.1.2. Incorpora na súa práctica os fundamentos posturais e funcionais que promoven a saúde.	CAA. Aprender a aprender.
EFB3.1.3. Utiliza de forma autónoma as técnicas de activación e de recuperación na actividade física.	CAA. Aprender a aprender

<p>EFB3.1.4. Alcanza os seus obxectivos de nivel de condición física dentro das marxes saudables, asumindo a responsabilidade da posta en práctica do seu programa de actividades.</p>	<p>CAA. Aprender a aprender</p>
<p>EFB3.2.1. Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais.</p>	<p>CAA. Aprender a aprender</p>
<p>EFB3.2.2. Avalía as súas capacidades físicas e coordinativas considerando as súas necesidades e motivacións, e como requisito previo para a planificación da súa mellora.</p>	<p>CAA. Aprender a aprender</p>
<p>EFB3.2.3. Concreta as melloras que pretende alcanzar co seu programa de actividade.</p>	<p>CAA. Aprender a aprender</p>
<p>EFB3.2.4. Elabora e leva á práctica o seu programa persoal de actividade física, conxugando as variables de frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade.</p>	<p>CAA. Aprender a aprender CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</p>
<p>EFB4.1.1. Perfecciona as habilidades específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses</p>	<p>CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CAA. Aprender a aprender</p>
<p>EFB4.1.2. Adapta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e polas persoas adversarias, nas situacións colectivas.</p>	<p>CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CAA. Aprender a aprender CSC competencia social e cidadá</p>

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES	
Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
AFS 3. Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais coa posibilidade de enfoque a futuras probas de acceso a distintos corpos ou universidades.	CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
AFS 12. . Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación san e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxesta desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	CAA. Aprender a aprender
AFS 13. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.	CAA. Aprender a aprender CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
AFS 14. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxesta durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	CD. Competencia dixital
AFS 15. Adquire e utiliza estratexias socio emocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa saúde (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	CAA. Aprender a aprender
AFS 16. Interpreta correctamente e de xeito básico o etiquetado nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.	CD. Competencia dixital
AF 19. Coñece e valora a importancia da relaxación e da respiración como ferramenta de axuda no alivio das tensións posturais e emocionais e mellora da calidade de vida.	CAA. Aprender a aprender

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

O procedemento xeral será a recollida de diferentes tipos de materiais, elaborados polo alumnado, traballos con distintos formatos coa finalidade da consolidación dos estándares de aprendizaxe indicados. Nalgúns cursos levaranse a cabo probas específicas, tal e como se detalla a continuación.

Instrumentos:

1º ESO	<p>Traballos con formato documento de texto:</p> <ul style="list-style-type: none">• Impresións sobre o seguimento individual da aplicación móbil recomendada.• Descrición de exercicios para mellorar a flexibilidade das principais articulacións do corpo humano.• Informe con descrición, regras e accións principais sobre un deporte de equipo a elixir entre os que practicamos (voleibol, hóckey ou baloncesto).
2º ESO	<ul style="list-style-type: none">• Vídeos con diferentes pasos derivados do Aeróbic.• Documentos de texto: Planificación deportiva do alumno (mes de abril).• Documentos de texto: Planificación deportiva do alumno (mes de maio).• Vídeos auto avaliación do alumno para catro test de capacidade física propostos.
3º ESO	<ul style="list-style-type: none">• Documentos de texto: Planificación deportiva do alumno (mes de abril). Análise da actividade física realizada semanalmente.• Documentos de texto: Planificación deportiva do alumno (mes de maio). Análise da actividade física realizada semanalmente.• Vídeos cos diferentes retos e probas físicas propostas.
4º ESO	<ul style="list-style-type: none">• Probas orais ou escritas.• Traballos en diferentes formatos e Rexistros. <p>Os instrumentos serán ou os mesmos que nas anteriores avaliacións ou, cando non se poida, adaptados ás novas circunstancias.</p>

1º BAC	<ul style="list-style-type: none"> • Probas orais ou escritas. • Traballos en diferentes formatos e Rexistros. <p>Os instrumentos serán ou os mesmos que nas anteriores avaliacións ou, cando non se poida, adaptados ás novas circunstancias.</p>
Hábitos Vida Saudable	<p>Documentos de texto:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Métodos de relaxación e respiración. • Dieta atlántica, dieta mediterránea, inxesta diaria persoal. • Métodos de adestramento persoal.

Recuperación de avaliacións suspensas:

Os alumnos que non acadaron un 5 nas avaliacións anteriores deberán realizar traballo de reforzo dos estándares non acadados.

Considerase que un alumno supera a materia cando obtén unha cualificación igual ou superior a 5. Para acadar unha avaliación positiva, o alumno necesita, polo menos, chegar ao 40% en cada un dos estándares anteriormente citados.

Seguindo o sistema de avaliación proposto na programación orixinal:

- *Estándares de aprendizaxe de carácter práctico: 40% do total da cualificación.*
- *Estándares de aprendizaxe de carácter teórico: 20% do total da cualificación.*
- *Estándares de aprendizaxe de carácter actitudinal: 40% do total da cualificación.*

O traballo de reforzo computará no apartado correspondente. Seguindo os mecanismos de avaliación propostos na programación, será necesario acadar o 40% en cada un dos estándares para obter unha cualificación positiva.

Dadas as excepcionais condicións actuais, se algún estándar de aprendizaxe non puido ser avaliado no segundo trimestre, a porcentaxe correspondente será repartida proporcionalmente entre o resto de estándares, de modo que o alumno sempre poda acadar a máxima puntuación.

Alumnos que non poden realizar a parte practica.

Neste momento temos un alumno que no pode realizar práctica deportiva na súa casa. As medidas a adoptar neste caso e outras que se podan producir serán as seguintes:

Os alumnos realizarán traballos teóricos podendo optar con eles á cualificación máxima. Eses traballos serán propostos de xeito individual en función das necesidades e características do citado alumnado.

Cualificación final de curso:

O sistema de cualificación proposto garante que todos os alumnos teñan a posibilidade de acadar a nota máxima ao final de curso, e dicir, unha nota de 10. O cálculo da nota farase coa media aritmética das notas obtidas nas dúas primeiras avaliacións ademais, se valorará o traballo efectuado no terceiro trimestre tal e como se especifica a continuación para cada curso.

1º ESO	Aqueles alumnos e alumnas que teñan acreditada a realización dos traballos requiridos poderán subir, nun 20%, a media das dúas avaliacións anteriores. O profesor poderá ter en conta a actitude e evolución positiva do alumnado para darlle a opción de mellorar a nota sempre que así o considere.								
2º ESO	Tendo en conta que todos os alumnos acadaron entre a 1ª e 2ª avaliacións unhas cualificacións comprendidas entre 5 e 10 a suma de tódolos traballos entregados (cunha cualificación máxima por cada un deles) daralle a posibilidade ó alumno de sumar 5 puntos na súa nota ordinaria. Cada traballo entregado terá unha ponderación: <table border="1" data-bbox="432 1084 1340 1473"> <tr> <td data-bbox="432 1084 1098 1182">Montaxe dun vídeo con diferentes pasos derivados do Aeróbic</td> <td data-bbox="1098 1084 1340 1182">CUALIFICACIÓN (0 a 1 punto)</td> </tr> <tr> <td data-bbox="432 1182 1098 1281">Planificación deportiva do alumno (mes de abril)</td> <td data-bbox="1098 1182 1340 1281">(0 a 1 puntos)</td> </tr> <tr> <td data-bbox="432 1281 1098 1379">Planificación deportiva do alumno (mes de maio)</td> <td data-bbox="1098 1281 1340 1379">(0 a 1 puntos)</td> </tr> <tr> <td data-bbox="432 1379 1098 1473">Vídeos da auto avaliación do alumno para catro test de capacidade física.</td> <td data-bbox="1098 1379 1340 1473">(0 a 2 puntos)</td> </tr> </table>	Montaxe dun vídeo con diferentes pasos derivados do Aeróbic	CUALIFICACIÓN (0 a 1 punto)	Planificación deportiva do alumno (mes de abril)	(0 a 1 puntos)	Planificación deportiva do alumno (mes de maio)	(0 a 1 puntos)	Vídeos da auto avaliación do alumno para catro test de capacidade física.	(0 a 2 puntos)
Montaxe dun vídeo con diferentes pasos derivados do Aeróbic	CUALIFICACIÓN (0 a 1 punto)								
Planificación deportiva do alumno (mes de abril)	(0 a 1 puntos)								
Planificación deportiva do alumno (mes de maio)	(0 a 1 puntos)								
Vídeos da auto avaliación do alumno para catro test de capacidade física.	(0 a 2 puntos)								
3º ESO	Todos os alumnos que acadaron entre a 1ª e 2ª avaliacións unhas cualificacións comprendidas entre 5 e 10 sumarán as notas de tódolos traballos entregados (cunha cualificación máxima por cada un deles) e daralle a posibilidade ó alumno de sumar ata 5 puntos na súa nota ordinaria. Cada traballo entregado terá unha ponderación: <table border="1" data-bbox="432 1740 1340 1986"> <tr> <td data-bbox="432 1740 1002 1839">Montaxe dun vídeo de traballo de acondicionamento físico con música.</td> <td data-bbox="1002 1740 1340 1839">CUALIFICACIÓN (0 a 1 punto)</td> </tr> <tr> <td data-bbox="432 1839 1002 1986">Planificación deportiva do alumno (mes de abril). Análise da actividade física realizada semanalmente.</td> <td data-bbox="1002 1839 1340 1986">(0 a 1 puntos) (0 a 0.25 puntos polo traballo de cada semana)</td> </tr> </table>	Montaxe dun vídeo de traballo de acondicionamento físico con música.	CUALIFICACIÓN (0 a 1 punto)	Planificación deportiva do alumno (mes de abril). Análise da actividade física realizada semanalmente.	(0 a 1 puntos) (0 a 0.25 puntos polo traballo de cada semana)				
Montaxe dun vídeo de traballo de acondicionamento físico con música.	CUALIFICACIÓN (0 a 1 punto)								
Planificación deportiva do alumno (mes de abril). Análise da actividade física realizada semanalmente.	(0 a 1 puntos) (0 a 0.25 puntos polo traballo de cada semana)								

	<table border="1"> <tr> <td data-bbox="416 192 1002 282"></td> <td data-bbox="1002 192 1353 282"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="416 282 1002 443">Planificación deportiva do alumno (mes de maio). Análise da actividade física realizada semanalmente.</td> <td data-bbox="1002 282 1353 443">(0 a 1 puntos) (0 a 0.25 puntos polo traballo de cada semana)</td> </tr> <tr> <td data-bbox="416 443 1002 651">Vídeos da auto avaliación do alumno para catro test de capacidade física ou vídeo dos retos de condición física propostos.</td> <td data-bbox="1002 443 1353 651">(0 a 2 puntos)</td> </tr> </table>			Planificación deportiva do alumno (mes de maio). Análise da actividade física realizada semanalmente.	(0 a 1 puntos) (0 a 0.25 puntos polo traballo de cada semana)	Vídeos da auto avaliación do alumno para catro test de capacidade física ou vídeo dos retos de condición física propostos.	(0 a 2 puntos)
Planificación deportiva do alumno (mes de maio). Análise da actividade física realizada semanalmente.	(0 a 1 puntos) (0 a 0.25 puntos polo traballo de cada semana)						
Vídeos da auto avaliación do alumno para catro test de capacidade física ou vídeo dos retos de condición física propostos.	(0 a 2 puntos)						
4º ESO	<p>Para aprobar a materia será necesario que os alumnos teñan superado as dúas primeiras avaliacións. En caso de non conseguilo a máxima nota que poderán acadar será un 4.</p> <p>As actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes a poderán servir para <u>recuperar</u> aqueles contidos non superados nos dous primeiros trimestres e para <u>incrementar</u> a nota dos alumnos que teñan superados os contidos dos dous primeiros trimestres.</p> <p>Para o cálculo da nota final mediante media aritmética, terase en conta a nota dos dous primeiros trimestres do curso despois das modificacións resultantes de ter en conta aquelas actividades que se realizaron no terceiro trimestre sempre que estas beneficien ó alumnado.</p> <p>O profesor poderá ter en conta a actitude e evolución positiva do alumnado para darlle a opción de mellorar a nota sempre que así o considere.</p>						
1º BAC	<p>Para aprobar a materia será necesario que os alumnos teñan superado as dúas primeiras avaliacións. En caso de non conseguilo a máxima nota que poderán acadar será un 4.</p> <p>As actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes a poderán servir para <u>recuperar</u> aqueles contidos non superados nos dous primeiros trimestres e para <u>incrementar</u> a nota dos alumnos que teñan superados os contidos dos dous primeiros trimestres.</p> <p>Para o cálculo da nota final mediante media aritmética, terase en conta a nota dos dous primeiros trimestres do curso despois das modificacións resultantes de ter en conta aquelas actividades que se realizaron no terceiro trimestre sempre que estas beneficien ó alumnado.</p> <p>O profesor poderá ter en conta a actitude e evolución positiva do alumnado para darlle a opción de mellorar a nota sempre que así o considere.</p>						

Hábitos Vida Saudable	Os alumnos durante a 1ª e 2ª avaliación fixeron un excelente traballo durante as clases polo que as notas están entre o 8 e o 10. Polo que para seguir traballando hábitos de saúde, os alumnos enviaránlle o profesor por e-mail os adestramentos e as dietas que levan a cabo na súa vida diaria para levar unha vida saudable. Cada traballo entregado terá unha cualificación comprendida entre 0 e 1 puntos.

Proba de setembro:

A proba será realizada de xeito presencial a ser posible. O formato da proba será o mesmo previsto na programación coa excepción de que unicamente serán avaliados os contidos impartidos na primeira e segunda avaliación.

Tal como estaba previsto faranse dous exames un deles teórico cun peso do 40% na cualificación total e outro de carácter práctico, cunha valoración do 60% na cualificación final.

Alumnado coa materia pendente:

Dado que non existe neste momento ningún alumno coa materia pendente non é necesario establecer medidas neste sentido.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades:

1º ESO	<p>Repaso e reforzo: Proposta de realización de exercicios da aplicación móbil recomendada a través da Aula Virtual. Proposta, segundo se vaia permitindo, de saír camiñar a bo ritmo, correr moderadamente ou andar en bicicleta do xeito recomendado polas autoridades.</p>
2º ESO	<p>Repaso e reforzo: Proposta semanal de actividades físicas, incluíndo actividades con soporte musical, que se incluírán nas táboas do Plan de Adestramento que terá que encher para entregar ó profesor para os meses de abril e maio. Seguimento dos seus adestramentos por medios duns tests de capacidade física: antes, durante e rematado o seu Plan de Adestramento.</p>
3º ESO	<p>Repaso e reforzo e ampliación: Proposta semanal de actividades físicas variadas, incluíndo actividades con soporte musical, utilizando vídeos tutoriais ou outros métodos de adestramento. Preguntas escritas en relación ás actividades propostas. Estes datos serán incluídos no plan de adestramento mensual.</p> <p>Seguimento da actividade física realizada en casa polo alumno, realización de test ou retos. Análise, aclaracións e propostas de melloras.</p> <p>Propostas quincenal/mensual sobre dieta a hábitos posturais na casa. Seguimento, aclaracións e melloras.</p> <p><u>*Para o 3ºESO bilingüe as actividades e a metodoloxía serán as mesmas pero a lingua a empregar será a inglesa.</u></p>
4º ESO	<p>Actividades de recuperación avaliacións suspensas:</p> <p>Repetición das partes suspensas polos mesmos medios polos que foron avaliados durante os dous primeiros trimestres. Cando a avaliación dese xeito non sexa posible, adaptaranse os medios para que as partes suspensas poidan ser recuperadas.</p> <p>Actividades de repaso/reforzo:</p> <p>Repetición das partes nas que o alumnado queira mellorar a súa nota e lle sexa posible facer.</p>

	<p>Actividades de ampliación:</p> <p>Actividade de condición física na casa empregando para elo as actividades propostas por medio da aula virtual do centro.</p>
1º BAC	<p>Actividades de recuperación avaliacións suspensas:</p> <p>Repetición das partes suspensas polos mesmos medios polos que foron avaliados durante os dous primeiros trimestres. Cando a avaliación dese xeito non sexa posible, adaptaranse os medios para que as partes suspensas poidan ser recuperadas.</p> <p>Actividades de repaso/reforzo:</p> <p>Repetición das partes nas que o alumnado queira mellorar a súa nota e lle sexa posible facer.</p> <p>Actividades de ampliación:</p> <p>Actividade de condición física na casa empregando para elo as actividades propostas por medio da aula virtual do centro.</p>
Hábitos Vida Saudable	Supervisión dos traballos entregados polo alumno, polo que o profesor faralle suxestións, propostas de mellora e aclaracións sobre o contido do traballo que o alumno quere presentar.
<p><u>Materiais e recursos:</u></p> <p>Vídeos, documentos de texto e videoconferencias.</p>	

Procedementos de actuación para o alumnado con colectividade e sen colectividade.

<p><u>Alumnado con colectividade:</u> As vías de comunicación serán: aula virtual e correo electrónico</p>	
<p><u>Alumnado en risco ou límites na colectividade:</u></p>	
1º ESO	24 alumnos
2º ESO	26 alumnos
3º ESO	23 alumnos

4º ESO	9 alumnos
<p>As vías de comunicación serán a través do titor que recollerá o traballo das materias e llo facilitará ao alumnos nalgún caso coa axuda do programa desenrolado no Axuntamento da Coruña “ Tarefasescolares”</p>	

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Todas as tarefas e materiais están sendo publicadas na <u>aula virtual</u> do instituto. Aqueles alumnos que teñen dificultades coa utilización da aula virtual estéselles a mandar a información por <u>correo electrónico</u>.</p> <p>Nos casos de maior dificultade estase a contactar a través da aplicación móbil <u>Tokapp</u>.</p> <p>En todos os casos o <u>titor</u> de cada grupo está axudando na canalización da información e na comunicación coas familias.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.